

## Verbos con alternancia vocálica (mudan unha vogal da raíz)

1. Verbos da **CII** que levan o ou e como última vogal da raíz: abren o timbre da vogal soamente nas **p2, p3, p6** do **presente de indicativo**:

/ɛ/ bebo, bebes, bebe, bebemos, bebedes, beben

/ɔ/ como, comes, come, comemos, comedes, comen

Pero **non no imperativo**, que leva vogal pechada: *come, comede; bebe, bebede*. Reparede na diferente pronuncia: *non come nada, fronte a come dunha vez!*

Non o fan así, pois presentan sempre:

-timbre aberto: *querer, quecer, esquecer; poder*

-timbre pechado: *deber, crer, ler, sobreeser* (e derivados)

e os rematados en *-cer* (*parecer...*)

2. Mudan /u/ por /ɔ/ algúns verbos da **CIII** que teñen **u** como última vogal do lexema (tamén só nas **p2, p3 e p6** do **presente de indicativo**): Son os verbos tipo **subir, tusir**:

*subo, sobes, sobe, subimos, subides, soben;*

*tuso, toses, tose, tusimos, tudides, tosen.*

**Tampouco no imperativo**: *o rapaz tose moito / rapaz, tuse tres veces!*

Seguen este modelo, xunto cos derivados:

|                                                                                                                                                                                                                                  |                                                                                                                                                                                                     |                                                                                                                                                                     |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <i>acudir;</i><br><i>bulir;</i><br><i>rebulir;</i><br><i>cubrir;</i><br><i>descubrir</i><br><i>encubrir</i><br><i>recubrir;</i><br><i>cumprir*;</i><br><i>cuspir (*escupir);</i><br><i>durmir;</i><br><i>engulir ("tragar");</i> | <i>fundir*;</i><br><i>fuxir;</i><br><i>lucir;</i><br><i>deslucir</i><br><i>relucir...;</i><br><i>mulir*;</i><br><i>muxir;</i><br><i>pulir;</i><br><i>ruxir;</i><br><i>sacudir;</i><br><i>subir;</i> | <i>sufrir;</i><br><i>sumir;</i><br><i>consumir</i><br><i>ensumir;</i><br><i>tusir (*toser);</i><br><i>ulir;</i><br><i>urdir;</i><br><i>xunguir</i><br><i>xurdir</i> |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|

**cumprir**: só o verbo defectivo que significa “ser preciso, ser mester”: *cómpre máis auga*. Non **cumprir** cos restantes significados: *a filla cumpre quince anos, non cumpren as normas*.

**fundir** co significado de “render”: *este xabón non fonde nada*. Non **fundir** co significado de “licuar, dar forma”: *o sol funde o xeo, mañá funden a escultura*.

**mulir**: “abrandar, amolecer”, “botar mulime ou batume”.

3. Os verbos da **CIII** tipo pedir mudan o **e** da raíz por **i** nalgunhas persoas e tempos:

- **presente indicativo (p1,2,3,6):** *pído, pídes, píde, pedimos, pedides, piden.*
- **presente de subxuntivo (todo):** *pída, pídas...*
- **imperativo (p2):** *píde pedide.*

Conxúganse así:

|                                                                                                            |                                                                                                                        |                                                                                                                                             |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| adherir;<br>advertir<br>divertir;<br>agredir<br>transgredir;<br>conferir<br>diferir<br>inferir<br>preferir | referir<br>transferir;<br>competir<br>repetir;<br>concernir<br>discernir;<br>espelir;<br>espir (*desnudar);<br>dixerir | inxerir<br>suxerir;<br>inserir ("introducir");<br>medir;<br>pedir (e derivados)<br>reflectir (*reflexar);<br>vestir<br>investir<br>revestir |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|

4. Cinco verbos da **CIII**, xunto cos seus derivados, presentan **tripla alternancia**:

|                                                            |                                                    |                                                     |           |
|------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------|-----------------------------------------------------|-----------|
| <u>servir</u><br><u>ferir</u><br>malferir<br><u>mentir</u> | desmentir<br><u>sentir</u><br>asentir<br>consentir | resentir<br><u>seguir</u><br>conseguir<br>perseguir | proseguir |
|------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------|-----------------------------------------------------|-----------|

- **/ɛ/ nas p2, p3, p6 do presente de indicativo:** *sirvo, serves, serve, servimos, servides, serven;*
- **/i/ na p1 do presente de indicativo:** *sirvo*

\*en todo o **presente de subxuntivo:** *sirva, sirvas..., sirvamos...*

\*na **p2 do imperativo:** *sirve, serve*